

## Información sobre o final de curso

---

Curso 2023/24

### ACTIVIDADE LECTIVA

A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual ata o 19 de xuño, inclusive. Recórdase que o 9, 10 e 17 de maio son días non lectivos no centro.

O período comprendido entre o 3 e o 19 de xuño daráselle prioridade á realización das probas de acceso e as actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar. Por este motivo, pode ser necesario cancelar algunha das sesións de clases, especialmente no caso de linguaxe musical, ao coincidir coa realización das probas de acceso para o novo alumnado.

### DATAS DE AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN FINAL ADIANTADA

**13 de maio:** avaliación final adiantada para 6º GRAO PROFESIONAL e para o alumnado de calquera outro curso que tamén faga 2º BACHARELATO.

**14 de maio:** publicación das cualificacións.

- AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

**4 e 5 de xuño:** avaliación final ordinaria para o alumnado de grao elemental e para o alumnado de 1º a 5º curso de grao profesional.

**6 de xuño:** ás 12 horas publicación das cualificacións en centrosnet e pola tarde entrega dos boletíns (en papel) por parte dos titores/as, no horario que se publicará na web do centro para tal fin. Tamén se poderán revisar as probas escritas e realizar consultas ao profesorado das diferentes materias.

- **AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA**

**20, 21 e 24 de xuño:** realización das probas da avaliación extraordinaria para o alumnado con materias non superadas, nos horarios que se publiquen previamente na web do centro.

**26 de xuño:** publicación das cualificacións.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

No mes de xuño o centro ofertará varias actividades complementarias de asistencia voluntaria. O alumnado interesado deberá confirmar a súa asistencia ao profesorado encargado de cada actividade, na conserxería ou na web do centro pódese consultar o seu correo electrónico. Enlace: [conservatoriosantiago.gal/o-centro/organigrama](http://conservatoriosantiago.gal/o-centro/organigrama)

- **BRASS BAND:** martes de 18:00 a 20:00 e xoves de 18:00 a 19:00 horas na aula de Orquestra. Para alumnado de grao profesional de trompeta, trompa, trombón e tuba.

Profesorado encargado da actividade: José Rodríguez Ramos.

- **ENSEMBLE DE SAXOFÓNS:** mércores de 18:00 a 20:00 horas na aula de Orquestra. Para alumnado de grao profesional de Saxofón.

Profesorado encargado da actividade: Sara Seoane Abelenda.

- **ENSEMBLE DE CLARINETES:** venres de 16:00 a 18:00 horas na aula de Orquestra. Para alumnado de grao profesional de Clarinete.

Profesorado encargado da actividade: Saúl Canosa Insua.

- TALLER DE PIANO ACOMPAÑANTE: Datos por determinar. Profesorado encargado da actividade: Alejandra Escolante Mujico.

## *PROBAS DE ACCESO*

As datas de realización para cada unha das probas de acceso, xunto con unha guía coa información máis relevante, están publicadas na web do centro. Enlace: [www.conservatoriosantiago.gal/acceso](http://www.conservatoriosantiago.gal/acceso)

## *MATRÍCULA PARA O VINDEIRO CURSO*

Para o alumnado sen materias pendentes o prazo de matrícula será do 24 de xuño ao 1 de xullo.

Para o alumnado con materias pendentes e para o alumnado de novo acceso o prazo de matrícula será do 2 ao 5 de xullo.

Enlaces á información sobre a matrícula e asignación de horarios para o curso 2024-25:

- [\*Grao Elemental\*](#)
- [\*Grao Profesional\*](#)